

## CULTURA Y TV

# Bernardino Graña elixido por unanimidade presidente dos escritores en lingua galega

Yolanda Castaño é a nova secretaria xeral dunha directiva que quere «dar un novo pulo» á asociación

Unanimidade total. Nin votos en contra, nin outras candidaturas. A lista encabezada por Bernardino Graña foi elixida onte por unanimidade como nova directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega, un colectivo do que forman parte douscentos autores e que celebrou asemblea xeral no Museo do Pobo Galego, en Santiago. A secretaria xeral da nova directiva é Yolanda Castaño e seguen na mesma dúas persoas que xa estaban na anterior, Carlos L. Bernárdez, vicepresidente, e Marta Dacosta, vocal.

**R. GARCÍA SANTIAGO**

«É unha responsabilidade importante». Así resumía o novo presidente dos escritores en lingua galega a súa elección. Apuntaba Bernardino Graña que a súa «é unha labor de comunicación entre nós, entre os socios, e tamén coas asociacións de escritores doutras comunidades, os que participan en Galeuzca e tamén a asociación de escritores en castelán».

En canto a obxectivos, a nova secretaria, Yolanda Castaño, adiantou que «en breve» a nova directiva celebrará a súa primeira xuntanza para «facer unha planificación das actividades, que despois será ratificada en asemblea».

Bernardino Graña, de 69 anos, dixo que «convén ver que tipo de socios hai: os militantes, os honorarios, os non tan militantes...». Sentenciou o novo presidente que «necesitamos diñeiro para as actividades, porque a Xunta dá algo pero iso non chega».~ Lembrou que tamén reciben apoio económico da entidade Cedro.

Xunto con Bernardino Graña e Yolanda Castaño, están na directiva Cesáreo Sánchez Iglesias, Marica Campo, Carlos L. Bernárdez, Marta Dacosta, Rafa Villar e Francisco Fernández Naval.

